



# PROGRAMA ELECTORAL PARA AS ELECCIÓNS EUROPEAS DO 9 DE XUÑO DE 2024

## ¿Por que é necesario o Partido Galego?

O Partido Galego xorde como resposta a necesidade dunha política útil para Galicia.

A nosa terra vive nun continuo retroceso: falta de boas comunicacións por camiños de ferro, peaxes desorbitadas, cidades coma Lugo e Ferrol, totalmente incomunicadas co resto do país, etc.



Os sucesivos gobernos que houbo, nunca tiveron un verdadeiro interese en situar Galicia á cabeza do progreso, que é onde debería de estar; simplemente se adicaron a regalar os nosos recursos sen un retorno para a nosa terra. E todo isto baixo a aparencia dun falso galeguismo e vendendo a etiqueta de que son galegos coma ti.

Galicia precisa proxectarse en Europa, mostrar as súas fortalezas e oportunidades e ser unha rexión de interese para investimentos. Tamén debe facerse visible o noso patrimonio, tanto material como inmaterial, e ser conscientes da necesidade de preservalo e transmitilo ás xeracións vindeiras na mellor das condicións.

Como terra destacada pola súa paixaxe, polos seus ríos e praias, debemos asegurar o coidado dos seus ecosistemas, desbotando calquer actividade que poida exterminalos ou afectalos.

Galicia precisa dun partido que mire pola terra con total **independencia doutras forzas políticas**, así como tamén no Parlamento Europeo debemos de ter total autonomía.


O Partido Galego pretende seguir a estela marcada polo Partido Galeguista de 1931, no que confluían persoas de distintas correntes e sensibilidades, que estaban unidos polo amor á nosa terra e o valor desta.

## ¿Cáles son os eixos fundamentais do Partido Galego?

Os eixos fundamentais do Partido Galego son:

**Galeguismo:** defensa da nosa terra, o noso patrimonio, a nosa economía, a nosa cultura e a nosa lingua. En definitiva, da nosa identidade. Un galeguismo nin rupturista nin sucursalista, que aposta por avanzar no autogoberno.

**Terra e mar:** englobando neste punto tanto o rural de



montaña (agricultura, gandería e sector forestal) e o mar (pesca, marisqueo, etc). Debemos facilitar e impulsar a vida nas áreas rurais e zonas productivas do sector primario, asegurando a continuidade destas actividades, enlazándoas co sector industrial para darlle valor engadido e evitando a despoboación.

**Ecoloxismo:** na liña da defensa do noso entorno, priorizando e esixindo que calquera proxecto que se leve a cabo non sexa contaminante nin afecte negativamente ós nosos ecosistemas, e especialmente á auga potable, un ben cada vez máis escaso e preciado no mundo.

Neste senso, consideramos que non se debe invertir diñeiro público procedentes de Europa en proxectos altamente contaminantes e prexudiciais para a nosa biodiversidade, senón que se debe primar que eses fondos se distribúan dun xeito máis amplo e equitativo entre tódolos sectores.

Debemos de ter en conta o estado lamentable do noso patrimonio histórico, e tamén as grandes dificultades burocráticas e limitacións presupostarias cas que se atopan os cidadáns que pretenden arranxar e rehabilitar ese legado histórico. É preciso ter unha administración áxil neste sentido para poder transmitir ás xeracións vindeiras unha terra mellor ca que atopamos.

Sobre os tres vértices descritos susténtase o noso programa electoral.



## Puntos máis relevantes do programa electoral

### 1) EURORREXIÓN:

Impulsaremos e potenciaremos a nosa Eurorrexión, formada por Galicia e o Norte de Portugal, que se configura actualmente como un espazo de forte interrelación social, económica e cultural, pleno de oportunidades e cun gran potencial de desenvolvemento futuro.



*(Lembremos que o territorio constituído polas dúas rexións ocupa unha superficie total de 51 mil Km<sup>2</sup> (Galicia 29.575 e Norte de*

Portugal 21.284) e concentra unha poboación de 6,4 millóns de habitantes (Galicia 2.796.089 e Norte de Portugal 3.745.439), o que se traduce nunha densidade de poboación de 125,8 hab/Km<sup>2</sup>. No que respecta á dinámica de actividade e emprego na Eurorrexión, este concéntrase principalmente no sector servizos (57,1%), na industria e construción (32,7%) e no sector primario (10,2%) (datos IGE 2009)

En suma, este breve escenario caracterizador dos dous espazos que constitúen a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal asume un carácter de forte complementariedade pero, simultaneamente, converte a este espazo nunha plataforma territorial fortemente competitiva nun contexto de crecente internacionalización da economía e que xurdiu de forma voluntaria pola interconexión destas dúas rexións que ten as súas raíces no antigo reino galaico portugués, modelo de convivencia pacífica e desenvolvemento conxunto.

## **2) EUROPA-AMÉRICA:**

Ademais da Eurorrexión non se pode esquecer os importantes lazos de amizade e colaboración con América, fortemente desenvolvidos en Galicia por mor da emigración e que converteron á nosa rexión na máis importante de Europa neste senso.



Recordemos que Galicia é, xunto con Portugal a rexión máis occidental de Europa, pola cal a máis cercana a América.

Deste xeito Galicia xoga un papel de centralidade estratéxica entre Europa e América. Cabe destacar tamén que Galicia é o lugar do mundo por onde hai máis tránsito de barcos e avións, no só en relación á Eurorexión, senón tamén ao eixo Europa-América, feito que debe repercutir dun xeito positivo

no desenvolvemento da nosa economía.

## **3) POTENCIA ENERXÉTICA:**

Estamos a ver que os recursos naturais e enerxéticos de Galicia non teñen un retorno ao pobo galego. Por iso hai que recordar o símil da vaquiña de Castela co lema de que “A nosa terra é nosa” para facer viable o retorno dun beneficio económico pola explotación dos anteditos recursos e enerxías, como as derivadas dos parques eólicos, voltando a recuperar en primeira fase dos parques eólicos singulares para a distribución da enerxía eléctrica para autoconsumo dos nosos concellos para seguir noutras líneas de contra prestación.

Si somos produtores de enerxía, a factura dos galegos ten que verse afectada de maneira moi positiva, non podemos pagar a luz na nosa terra o mesmo prezo que se paga en Madrid. O baixo custo da enerxía que deberíamos de ter tamén valería como ventaxa competitiva para as empresas que se queiran establecer en Galicia.



## **4) VALORIZANDO GALICIA:**

### **4.1 SECTOR PESQUEIRO**

Este sector aglutina pesca e marisqueo, sofre dende hai anos unha política pesqueira común contraria os intereses das mesmas. Unhas cotas non acordes a realidade, unha burocracia excesiva que nin axuda, nin protexe. E necesario repensar a PPC. Así mesmo e necesario que se priorice a pesca para o consumo directo e tamén se poña en valor a pesca local ou artesanal fronte a industrial. A acuicultura, marisqueo e pesca local están a sentir as consecuencias do progresivo cambio climático e da presión na poboación da costa, e necesario que os nosos ríos, rías e mares estean no mellor estado posible, por iso é necesario máis que nunca protexelos de calquera agresión medioambiental.



O goberno do País debería fomentar a unión dos pequenos autónomos, pymes e cooperativas para poder acceder ós fondos “Next Generation”, democratizando ese tipo de axudas, e posibilitando que non só as industrias sexan as únicas a hora de optar as axudas.

### **4.2 PATRIMONIO CULTURAL.**

E necesario destacar tamén a importancia da preservación e restauración do noso **patrimonio**, arquitectónico e marítimo, xa que Galicia ten nada menos que o 55% de todo o patrimonio español, tal y como constata o Presidente de APATRIGAL (Asociación Para a Defensa do Patrimonio Cultural Galego). Porque, como el mesmo di, «*Coñecer o patrimonio cultural e natural galegos dende a nenez, divulgalo, difundilo a través dos*



*medios de comunicación e facernos protectores é o xeito de que poidamos transmitirlo ás xeracións futuras nas mellores condicións posibles», aludindo, pois, as necesarias políticas culturais e educativas á altura do que merecía tal legado. Si outrora houbo outras ameazas, as de este século pasan pola despoboación ou a falta de educación ao respecto das novas xeracións: «O patrimonio invisible, intanxible, o inmaterial, é o que máis risco corre de desaparecer, aínda que as pedras queden».*

Neste senso os fondos “Next Generation” deberían resultar máis accesibles aos titulares deste legado histórico para evitar a espoliación por xente de fora ou o deterioro e a ruína da esencia dos nosos pobos e das nosas aldeas.

### **4.3) SECTOR FORESTAL.**

A recuperación paulatina en conexión dos sectores produtivos dunha maior parte dos nosos bosques autóctonos de carballos, pinos e castiñeiros. Neste eido manifestamos de xeito claro e contundente a oposición do Partido Galego á mega-fábrica de celulosa de Altri en Galicia, xa que estudos especializados e independentes constatan que sería un pesadelo nun espazo galego da rede natura, xa que unha enorme factoría de celulosa usará millóns de litros de auga ao día e verterá auga contaminada de volta aos ríos, emitirá gases tóxicos e poñerá en perigo aos sectores primarios, requirindo que se plante máis eucalipto, empobrecendo deste xeito a nosa biodiversidade, os nosos ríos e a ría de Arousa.



Así pois debemos de ter uns montes multifuncionais e de aproveitamento complementario, dada a importancia do aproveitamento de animais que se alimenta dos terreos (cabalos, vacas, cabras, ovellas, porcos ...). Si temos o monte ben coidado estes animais alimentaríanse dos pastos e produciríamos carne sostible, da mellor calidade, ecolóxica e con animais ben tratados.

Tamén é importante valorizar a importancia da captación e fixación de oxíxeno, os nosos montes teñen un valor altísimo na fabricación de oxíxeno, somos un gran pulmón que tense que valorar. A importantada produción de oxíxeno está contemplado na Axenda Europea 2030 dentro dos obxectivos de desenvolvemento sostible.



O Partido Galego, considera que é suficiente para Galicia a “celulosa 1” de Ence, sen permitir a “celulosa 2” de Altri. **Instamos ao goberno galego a que paralice o proxecto de Altri, reconverta a proposta de 300 millóns de axuda dos fondos europeos en 280 proxectos sustentables para a zona central de Galicia, con dotación de un millón de € cada un. Por outra parte, elaborar un proxecto valorado en 20 millóns consistente nun “polo tecnolóxico e proxecto estratéxico de fibra de cânabo industrial”** que crearía infinitamente máis postos de traballo, totalmente sustentable a nivel medioambiental e rexenerador de terras, así como de duración indefinida

#### **4.4) SECTOR AGRARIO É GANDEIRO e ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

Estase a sufrir unha normativa moi restritiva no uso de determinadas sustancias, para preservar a saúde tanto animal, do consumidor e do medio ambiente, Dita normativa incrementan o custe de produción; sen embargo nos mercados topamos produtos doutras latitudes que conteñen sustancias dañinas, xerando unha competencia desleal. E necesario que a normativa sexa extensiva os produtos que veñen doutros mercados.

Así mesmo tamén é necesario revisar os tratados de libre comercio da unión europea e que o noso campo deixe de ser unha moeda de cambio.

O Partido Galego aposta firmemente polas DOPs fronte as IXPs, xa que só as DOP son capaces de fixar poboación de maneira real nun determinado lugar.

O igual que no sector do mar, o goberno do País debería fomentar a unión dos pequenos autónomos, pymes e cooperativas para poder acceder ós fondos “Next Generation”, democratizando ese tipo de axudas, e posibilitando que non só as industrias sexan as únicas a hora de optar as axudas.

Debemos destacar a importancia dos humedais, apenas protexidos en Galicia, e que son os responsables da subministración de auga doce, alimentos e biodiversidade, control de crecidas, recarga de augas subterráneas e mitigación do cambio climático. A perda e degradación dos humedais que estamos a ter, tradúcese nun enorme impacto social e económico como son: o aumento do risco de inundacións, diminución da calidade da auga, impactos negativos sobre a saúde, a identidade cultural e os medios de subsistencia.

Tamén en relación cos fondos europeos, os inxentes recursos institucionais e as diferentes fórmulas de xestión deben ser coñecidas por toda a poboación, a xestión das terras, a maiores das diferentes normativas legislativas dispoñibles é imprescindible poñer andar os mecanismos parece concentrar as terras alí onde nunca antes o foran, e alí onde se volva a demandar polas circunstancias especiais da zona.

As famosas concentracións parcelarias, e outras fórmulas de xestión das terras como as UXFOR, Agrupacións Forestais de Xestión Conxunta, etc, deben servir xunto aos recursos anteriormente citados para que nun período curto de tempo non superior a 5 anos se poidan resolver as terras pendentes de reconcentrar e as pendentes de xestionar de forma cooperativa ou conxunta.



## **Puntos que consideramos esenciais para mudar a situación do sector agrario.**

- 1) Garantir prezos viables e máis persoas agricultoras na UE, necesarios para posibilitar a transición cara á agroecoloxía, mediante a adopción de políticas públicas que regulen os mercados agrícolas e o control da produción, así como redistribuíndo a produción a máis labregas e zonas en Europa e garantindo o dereito a unha alimentación saudable para toda a poboación.
- 2) Priorizar os alimentos locais e as necesidades das poboacións, en lugar de priorizar as exportacións: parar os tratados de libre comercio.
- 3) Manter unha regulación estrita de todos os OMX, incluídas as novas técnicas xenómicas, e facer cumprir os dereitos labregos sobre as sementes.
- 4) Facer da terra un tema prioritario das políticas públicas para garantir a integración de máis persoas agricultoras novas e a saúde do solo.
- 5) Mudar o paradigma das políticas climáticas cara a reducións directas de emisións e transición agrícola e evitar calquera mecanismo de crédito de carbono vinculado á terra.
- 6) Reequilibrar a presenza de explotacións gandeiras en todos os territorios europeos de aquí a 2035.
- 7) Incluír a implementación da Declaración das Nacións Unidas sobre os Dereitos Labregos e Doutras Persoas que Traballan en Zonas Rurais (UNDROP) en todas as políticas públicas da UE en materia de alimentación e agricultura.

### **Táboa de acrónimos**

FEAGA: Fondo Europeo Agrícola de Garantía Agraria  
GATT: Acordo Xeral sobre Aranceis Aduaneiros e Comercio  
OCM: Organización Común dos Mercados agrícolas  
OMG: organismo Modificado Xeneticamente



OMC: Organización Mundial do Comercio

ONU: Organización das Nacións Unidas

PAC: Política Agraria Común

PPC: Política Pesqueira Común

DOP: Denominación de Orixe Protexida

#### **4.5) O COMERCIO.**

As políticas de comercio de proximidade polas que apostamos a nivel municipal, non as debemos confundir coa soberanía alimentaria a nivel europeo, neste senso, Galicia é unha grande exportadora a outras comunidades e a moitos países da UE tanto en alimentación, materias primas, tecnoloxía, enerxía incluso en man de obra. Apostamos pola valorización destas capacidades e reclamamos un retorno integral das plusvalías obtidas, en forma de reinvestimento no País, e calquera outra forma que repercuta na nosa economía de xeito claramente directo.

#### **4.5) NOVAS INDUSTRIAS**

Expoñemos neste programa un exemplo do que se pode considerar novas vías industriais de significado rango estrutural para o País, por entrar no eido produtivo, de conservación do territorio, de potenciador económico, fixador de poboación, sustentabilidade ambiental, etc.

No contexto europeo e mundial a regulación da planta Cannabis Sática L, está sendo unha constante e en claro avance de normalización planetaria. Europa no seu conxunto e España en particular non debe quedar atrás por moitas razóns: Históricas, económicas, sociais, ambientais, sanitarias, etc.

Propoñemos dispoñer das competencias en materia de control da sanidade, descentralizando a cada comunidade autónoma o órgano regulador de medicamentos como é a Axencia Española de Medicamentos y Productos Sanitarios (AEMPS)

Dende o PG propoñemos a regulación deste xénero de planta e subespecies, en todos os seus ámbitos.

- Cáñamo industrial sen contido de thc, para uso da industria de papel, de tecidos, de materiais de uso aeronáutico ou automobilístico, incluso para baterías ou mil e unha aplicacións.
- Cábnnabis con thc tanto para uso medicinal, lúdico e outras aplicacións.
- Cábnnabis con CBD, CBG e outros cannabinoides ate un total de 113 descubertos ate o momento, onde practicamente todos teñen algún efecto medicinal.

Rematar co paradoxo de poder comercializarse calquera produto con CBD porque xa está regulado pola UE, e en España está perseguido a produción en plantación de CBD, causando un prexuízo altísimo á economía de España en xeral e en Galicia en particular,



ademais de estar en clara desvantaxa con países da contorna como Portugal, Italia e a invasión de todo tipo de produtos derivados de Marrocos.

A regulación de plantacións deberán ter os parámetros que se usan en Suíza para os mesmos fins.

#### 4.6) O NOSO CAPITAL HUMÁN:

I+D+i: é necesario desenrolar axeitadamente o gran potencial dos nosos investigadores. Neste senso, temos que conseguir que toda a riqueza natural da nosa terra, así como a súa localización, sirva para mellorar a vida do noso pobo, pero tamén temos que conseguir o retorno do noso talento emigrado e a creación de empresas sostibles de I+D+I.

A Unión Europea destina fondos a estes proxectos que deben de chegar á nosa terra.



#### 4.7) AUTÓNOMOS é TRABALLADORES AUTÓNOMOS

Este é un gremio social de especial consideración. Dende o ano 2019 vense producindo unha subida progresiva da cota de autónomos. A cota de autónomos en España subiu 8 euros entre o ano 2021 e 2022. É dicir, a nova cota de autónomos é de 294 euros ao mes, mentres que en 2021 falabamos de 286. Así, coa base mínima de cotización (960,60 euros), habería que pagar 294 euros mensuais.; 1.266,66 coa base máxima (4.139,40 euros). En moitos casos, tamén se verá aumentada na proposta de cotas de autónomos entre 2023 e 2031. A subida, oficialmente, ten o obxectivo de aumentar as coberturas e subsidios en caso de cesamento de actividade ou baixa. Pero especialmente para mellorar a xubilación.

### CUOTA DE AUTÓNOMOS EN EUROPA



(comparativa de anos anteriores que proporcionalmente vale como referencia para os datos actuais)



O caso e que parece lóxico reclamar unha baixada da cota de autónomos para equipararse así á cota de autónomos en Europa. Se facemos a comparación de España coa cota de autónomo en Europa estamos claramente en inferioridade. Polo menos respecto a varios dos principais países. A cota mínima neles queda así: España: 294€ ao mes e un pago mensual de 60 euros no primeiro ano. Portugal: dende 20€ ao mes, sen achega no primeiro ano, máis unha alta porcentaxe segundo ingresos. Reino Unido: 12€ ao mes, con subidas no que chaman Clase 2 e Clase 4. Italia: a partir do 23% dos ingresos segundo a contía destes, ata un máximo de 43%. Francia: a partir do 12% dos ingresos segundo actividade, e sen achega no primeiro ano. Alemaña: entre o 14% e o 45% segundo ingresos.

Así pois, propoñemos realizar unha homoxeneización entre os autónomos de forma que os nosos autónomos se sitúen nun estadio medio aos da UE. Libre competencia e circulación de traballadores si, pero en igualdade de condicións.

#### **MOTIVACIONES XERAIS POLAS QUE VOTAR AO PARTIDO GALEGO:**

En definitiva, pretendemos levar a cabo no Parlamento Europeo unha política totalmente diferente a actual, e rexeitamos de forma contundente as políticas de bloques de choques, as do insulto, as da antipolítica, as do “i tu más”, as do espectáculo, as dos bulos... apostamos polas políticas do sentido común (o sentidiño), as da moderación, sensatez, firmeza, poñendo a Galicia no centro e recuperando os valores humanos, da política útil, de País, do noso, do orgullo de sermos un pobo próspero, traballador e admirado en moitas partes do mundo, fagamos diso unha sinal de identidade, fagámonos valer en Europa

como dicía Manuel María, *“Galicia é o que vemos, a terra, o mar, o vento... pero hai outra Galicia que vai no sentimento”*.

***“Galicia fin da terra e centro do mundo”***

**Galicia referente europeo**

**Candidatura 100% GALEGA**

**Vota PARTIDO GALEGO !!**